

Encontro, confronto, deduzo e proceso

Carlos Tejo

Fernando Aguiar, en moitas ocasións, entende as palabras e as súas derivacións como material imprescindible da súa práctica creativa. Con parsimonia íspeas, modélaas, convérteas nun mar de area que cambia dinamicamente de lugar e que constrúe, ante os nosos ollos, outros significados máis alá das pechadas definicións do dicionario. En ***Soneto de los sentidos*** non se busca a rima doada. Pola contra, unha escritura brillante sobre un lenzo negro mergúllase entre os nosos sentimentos e condúcenos por camiños de difícil acceso. Temos ante nós punzantes ideas que se opoñen entre si e que conforman unha semiótica de xestos, que se entrecruzan e alimentan con outros elementos derivados da nosa propia experiencia como espectadores. A *performance* artículase, aquí, partindo da idea de semiose enunciada anos atrás por Pierce. Así, a hibridación entre o signo, o seu obxecto e o seu interpretante produce estimulantes códigos que, axilmente, describen estados do ser, derivas do «eu». ***Soneto de los sentidos*** tamén se reconforta no uso do corpo, do tempo, do son e do formal dun acto estético.

Fernando entende o corpo como mediador. Contrariamente a unha obxectualización pasiva, o papel do corpo na acción de Aguiar é definitivo. O corpo, o seu corpo, ***atopa, deduce, conclúe, procede, percorre, contrasta e deriva***. Sufocado por unha tráxica respiración, o corpóreo contradíse e alterna significados nun xogo rebelde que nos achega á definición enunciada por Ardenne: «Un axente activo que explica, solicita e propón». Pola súa banda, o tempo —perturbador en ocasións— estírase como a goma de mascar. É igual de pegañento e incómodo. Non obstante, como por arte de maxia, desta incomodidade pasamos a unha compiacencia amable, a un tránsito marcado por unha grata intensidade. E outra vez o son: a poética dos fonemas é un elemento inseparable que percorre a *performance* que Aguiar presenta. Un respirar agónico convértese no pano de fondo da proposta. É un *loop* sonoro cargado dun sentimento infinito; como se puidésemos ver as marxes do noso universo. Mentres tanto, o gusto polo estético inúndao todo. Fernando, transcende así o ABC da *performance* ao deixarnos, tras a súa irrepitible presenza, unha obra pictórica que tamén fala por si soa. Un magnífico detrito da acción.

Pero a *performance* de Aguiar non é amable. Calquera se decatara diso. Constantemente interróganos dende a superioridade que lle outorga saber que ten algo importante que comunicar. As palabras complétanse e transfórmanse unhas a outras deixando ver as angustias que nos acompañan. A ti, a min, a todos. A acción conclúe cando o artista pega sobre os lenzos uns carteis coas frases: «**Não enfrento, não discordo, não critico, permito**». Axiña nos decataremos de que estamos ante outro xogo de palabras, ante un trabalinguas que cambia a súa esencia para significar outra idea. Finalmente, a mensaxe abandona a condescendencia e anímanos, cun xesto, a darlles a volta ás cousas. Con enerxía, Fernando risca dos lenzos aquilo que non lle interesa e engade aquilo que é necesario para a comprensión final. O círculo péchase e podemos ler: «**Enfrento, discordo, critico, não permito**». ***Eu também não***.